



## RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

**ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO DIA 10 DE XUÑO DE 2026**

EXPEDIENTE NÚMERO: 2026/G010/000003

Acordado na sesión plenaria que tivo lugar o 12 de xullo de 2023, a periodicidade e o horario das sesións ordinarias do Pleno do Concello.

Consonte coas atribucións concedidas á alcaldesa polo artigo 21.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), esta alcaldía RESOLVE:

Convocar a sesión ordinaria do Pleno do Concello, que terá lugar na data, hora e para os asuntos a tratar que se indican na seguinte orde do día.

**Día: 10 de xuño de 2026.**

**Hora: 09:00 horas.**

**Lugar: sala de sesións da Casa do Concello.**

A partir desta data ten vde. ao seu dispor, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte,

### ORDE DO DÍA

#### A) Sección resolutiva

- 1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 11 de marzo de 2026.
- 2º. Toma de posesión do concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Roque Cernadas Pérez (art. 108.8 da LOREX e Xuramento artigo 1º RD 707/79 de 5 de abril).
- 3º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2026 (2ª fase). Exp. 2026/A0087000035.
- 4º. Ditame sobre aprobación definitiva da modificación integral da RPT. Exp. 2026/E004/000001.
- 5º. Ditame sobre aprobación da liquidación correspondente ao exercicio 2025 do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor sobre rodas, lavandería sobre rodas e escola infantil. Exp. 2026/S001/000002.
- 6º. Ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17 reguladora da taxa pola prestación de servizos de utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal. Exp. 2026/G016/000001
- 7º. Ditame sobre recoñecemento de bonificación do ICIO solicitada por Gerca Instalacións, SLU por mor de obras de construción de nave destinada a elaboración de ferralla e corte de aceiro, situada nas parcelas B1-B2 do parque empresarial. Exp. 2026/X999/000066.



8º. Ditame sobre ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 628/2026 referente á petición de axuda á Deputación Provincial da Coruña para o proxecto "Il Foro de Liderato Feminino no Rural Alza Voz de Muller". Exp. 2026/A008/000002.

9º. Ditame sobre aprobación de addenda ao convenio de colaboración para a realización do obradoiro dual de emprego "2026 Camuvi Forestal". Exp. 2025/A008/000003.

10º. Ditame sobre a moción presentada polo PsdeG-PSOE sobre a dotación á comarca da Costa da Morte dunha ambulancia medicalizada de soporte vital avanzado (SVA) con base permanente na zona.

## **B) Sección de control**

11º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

12º. Mocións de urxencia.

13º. Rogos e preguntas.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado dixitalmente)

Diante de min  
O secretario xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz